CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE TÉCNICO DE Igualdade

## Recrutar con perspectiva de xénero

CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

Confederación de Empresarios de Lugo

Confederación empresarial de Ourense

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamiento de:

XUNTA DE GALICIA — CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL — SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL SEPE

# Recrutar con perspectiva de xénero

Se queremos unha organización igualitaria, hai que comezar polo ingreso das persoas traballadoras. Tanto se é a propia empresa a que aborda os procesos de recrutamento, como se o deixa en mans de persoas expertas externas, debe asegurarse de que o proceso estará libre de prexuízos sexistas para poder garantir a igualdade de oportunidades e non discriminación para todas as persoas candidatas.

**Como se pode acadar que os procesos sexan o mais neutros posible, para atraer e reter o mellor talento dispoñible?**

Deixamos aquí algunhas directrices:

- Garantindo accións formativas dirixidas ao equipo (preferiblemente mixto) de selección interno ou externo, en técnicas de selección non discriminatorias.
- Tendo unha definición neutra dos postos de traballo (con requisitos e tarefas).
- Avaliando ás persoas que concorran aos procesos de selección en base aos requisitos do posto de traballo con obxectividade, transparencia e igualdade de oportunidades.
- Facendo unha análise cega dos currículos vitae.
- Baseando a selección no mérito e as competencias para o desempeño do posto de traballo e non no sexo, idade ou outras circunstancias persoais ou familiares.
- Usando parámetros e indicadores obxectivos para medir a adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo
- Analizando os resultados das distintas candidaturas (homes/mulleres) en todas as fases do proceso. Se aparecen indicios de discriminación indirecta, poñer en marcha medidas de acción positiva.
- Tendo especial coidado no uso dunha linguaxe e imaxes non sexistas, nin estereotipadas.
- Proxectando cara o exterior a importancia que se lle da na organización á igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral, para conseguir que o xénero subrepresentado na empresa, departamento ou posto de traballo, se presente a futuras convocatorias.

Precisas axuda ou asesoramento?
Contacta con noso Gabinete:

igualdade@ceg.es
981 555 888

GABINETE TÉCNICO DE Igualdade